- Se o alumno/a non fai aproveitamento das ensinanzas musicais poderá perder a cesión do instrumento previa tramitación do expediente contradictorio. Tamén perderá o dereito ao uso do instrumento se causara baixa na Escola por calquera motivo, procedendo a súa devolución.
- O instrumento é propiedade da Escola Municipal de Música de Lugo – Concello de Lugo.
- O instrumento debe devolverse nas mesmas condicións que se entrega, sendo responsabilidade dos prestatarios a reparación do mesmo ou a sustitución en caso de roubo ou extravío, tanto dentro como fora das dependencias da ESMU Lugo.
- A devolución do instrumento e accesorios farase ao profesor/a da materia, que será o encargado de verificar as condicións en que se fai entrega do mesmo.
- O prestatario faise cargo do valor do instrumento podendo o Concello de Lugo reclamar a cantidade do valor de mercado do mesmo. A unidade familiar poderá ser penalizada coa perda de bolsas por axuda de compra de libros ou outros beneficios económicos que lle estea a prestar o Concello de Lugo previa tramitación do expediente administrativo.
- No caso de que o prestatario/a deba facer abono da totalidade do prezo do instrumento, dito instrumento pasará a ser propiedade do prestatario, ou ben no caso de que o arranxo do instrumento sexa de maior coste que o prezo do mesmo tamén pasará a ser propiedade do prestarario despois de aboar a cantidade do valor de mercado ao Concello de Lugo.
- Para o aproveitamento de tódolos usuarios posibles de este Banco de instrumentos, serán prestados un máximo de dous cursos.
- No caso de alumnado menores de idade os responsables serán os pais/nais/titores/as.
- Cando o prestatario/a reciba o instrumento cubrirase e firmarase o modelo que figura no ANEXO IV.
- Cando o prestatario/a devolva o instrumento cubrirase e firmarase o modelo que figura no ANEXO V.

4. Requisitos para acceder ao préstamo dun instrumento:

- Ser alumno/a de pleno dereito da Escola e non ter mais de cinco faltas na materia matriculada, con praza na/s materia/s directamente relacionadas co uso do instrumento que se solicita.
- Estar empadroado no Concello de Lugo.
- Presentar o modelo de solicitude para o Banco de Instrumentos debidamente cuberto presentado por Rexistro con fotocopia compulsada do DNI.
- Achegar a documentación que se require na solicitude, incluído o certificado de empadroamento que indique as persoas que conviven no domicilio.
- Non ter débedas co Concello de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

5. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, xunto coa documentación precisa, segundo os modelos e anexos que se indican e se achegan a continuación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da lei 39/15, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación das solicitudes será de 10 días hábiles contando dende o seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo.

Conforme ao indicado na base 3, unha vez rematado dito prazo e efectuadas as asignacións de instrumentos aos solicitantes logo das correspondentes avaliacións, no caso de que quedaran instrumentos sen asignar, poderanse abrir novos prazos mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Escola Municipal de Música .

Modelos e Anexos:

MODELO SOLICITUDE PRÉSTAMO

ANEXO I - AUTORIZACIÓN CONSULTA DATOS AEAT

ANEXO II - DECLARACIÓN COMPOSICIÓN UNIDADE FAMILIAR

ANEXO III - MODELO PARA A DOAZÓN DE FONDOS

ANEXO IV - MODELO PARA A ACEPTACIÓN DO PRÉSTAMO

ANEXO V - MODELO PARA A DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO

SEGUNDO.- Dar publicidade das presentes bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CUARTO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ás persoas interesadas e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).

Así mesmo, déaselles traslados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 13 de novembro de 2026.- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Ilmo. Sr. D. Javier Vázquez Prado.

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

ANEXO I

CUBRIR E ASINAR SÓ NO CASO DE QUE DESEXE QUE OS SEUS DATOS FISCAIS SEXAN REQUIRIDOS DIRECTAMENTE POLO CONCELLO DE LUGO

Que a/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Lugo a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria os datos fiscais requiridos na "Solicitude de préstamo instrumental do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música". Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de comprobación para a aplicación do baremo e requisitos establecido para a adxudicación dos instrumentos existentes na convocatoria mencionada anteriormente e en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003 xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

D./D.ª (**nai** ou persoa que exerce a titoría):		CIF/DNI:
ENDEREZO NOTIFICACIÓN:		LOCALIDADE:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:

D./D.ª (**pai** ou persoa que exerce a titoría):		CIF/DNI:
ENDEREZO NOTIFICACIÓN:		LOCALIDADE:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:

Lugo, _____ de _____ de 20___

Sinatura da persoa que autoriza (**nai**)

Sinatura da persoa que autoriza (**pai**)

Asdo.:_____

(nome e DNI)

Asdo.: _____

(nome e DNI

Escola de Música Municipal de Lugo -

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ÁDICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar a seguinte ligazón: https://lopd.lugo.gal/lopd.pdf

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Dona/D. . . . . ,
con DNI número . . . . . , a efectos do disposto na convocatoria que regula o procedemento de adxudicación de instrumental do Banco de Instrumentos da Escola Municipal de Música do Concello de Lugo para o curso 2021/2022:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que a unidade familiar da que formo parte está composta por . . . . . membros, especificados na folla de solicitude do Banco de Instrumentos constituíndo eu o/a sustentador/a único/a da familia.

En proba da conformidade, asino esta declaración.

Lugo, ____ de _____ de 20___

Asdo: . . . . . .

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderán dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera outra índole que procedan. A sinatura desta Declaración implica o coñecemento por parte da/o interesada/o que os datos declarados poderán ser comprobados polo Excmo. Concello de Lugo, a fin de poder verificar a exactitude dos mesmos.

Escola de Música Municipal de Lugo -

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ÁDICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar a seguinte ligazón: https://lopd.lugo.gal/lopd.pdf

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

ANEXO III

DOAZÓN DE FONDOS MUSICAIS AO BANCO DE INSTRUMENTOS DA ESCOLA

Don/Dona . . . . . .
con D.N.I. . . . . , co número de Tlf. . . . . .
e Correo Eléctronico . . . . . .

DOO O SEGUINTE INSTRUMENTO:

Instrumento: . . . . . Marca: . . . . . .
Modelo . . . . . Número de serie: . . . . . .
Historía do instrumento . . . . . .

A doazón é efectiva dende o momento da entrega do instrumento na Escola Municipal de Música de Lugo.

A doazón é irreversible e entenderase a perpetuidade ao Concello de Lugo.

En proba da conformidade coa doazón do instrumento, asino este documento

Lugo, ... de . . . . . de 20 . . . .

Asdo. . . . . .

DESCRICIÓN DO ESTADO (A cubrir polo Secretario da escola): . . . . . .
. . . . . .

Secretario da Escola

Asdo. . . . . .

Escola de Música Municipal de Lugo -

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ÁDICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar a seguinte ligazón: https://lopd.lugo.gal/lopd.pdf

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

ANEXO IV

FOLLA DE PRÉSTAMO DE INSTRUMENTO MUSICAL DO BANCO DE INSTRUMENTOS DA ESCOLA

Don/Dona . . . . . .

con D.N.I. . . . . , co número de Tlf. . . . . .

e Correo Eléctronico . . . . . .

como (marque o que proceda) ☐ Alumno/a ☐ Pai/nai/titor do alumno/a . . . . . .

. . . . . da Escola Municipal de Música do Concello de Lugo, con número de expediente . . . . . .

SOLICITO O PRÉSTAMO DO SEGUINTE INSTRUMENTO:

Instrumento: . . . . . Marca: . . . . . .

Modelo . . . . . Número de serie: . . . . . .

Observacións . . . . . .

Prazo do préstamo: . . . . . .

CONDICIÓNS DO PRÉSTAMO

Firmando a presente solicitude comprométome a facerme cargo e responsable do instrumento durante o seu préstamo, así como a responsabilizarme dos gastos derivados dun mal uso, accidente ou calqueira outro tipo de incidencia, no caso de desperfecto avoarase o valor de mercado do instrumento.

Tamén me comprometo a non prestalo a terceiras persoas, sexan ou non alumnado da mesma Escola, así como a non sacar rendemento económico persoal do seu uso.

O préstamo quedará supeditado a aceptación e autorización do mesmo polo profesor titor/a.

O Instrumento deberá ser devolto unha vez finalizado o prazo do préstamo en perfectas condicións de cuidado e limpeza.

En Lugo a . . . . de . . . . . de 20 . . . .

Secretario da Escola Asdo. . . . . .

Asdo. . . . . .

DEVOLUCIÓN: ..... de..... de

Escola de Música Municipal de Lugo -

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ÁDICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar a seguinte ligazón: https://lopd.lugo.gal/lopd.pdf

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

ANEXO V

DEVOLUCIÓN DO PRESTAMO DO BANCO DE INSTRUMENTO DA ESCOLA

Don/Dona . . . . . .

con D.N.I. . . . . , co número de Tlf. . . . . .

e Correo Eléctronico . . . . . .

como (marque o que proceda) ☐ Alumno/a ☐ Pai/nai/titor do alumno/a . . . . . .

. . . . . da Escola Municipal de Música do Concello de Lugo, con número de expediente . . . . . .

DEVOLVO O SEGUINTE INSTRUMENTO:

Instrumento: . . . . . Marca: . . . . . .

Modelo . . . . . Número de serie: . . . . . .

Observacións . . . . . .

DESCRICIÓN DO ESTADO

(A cubrir polo profesorado da Escola)

. . . . . .

. . . . . .

En proba da conformidade da devolución do instrumento asino este documento:

En Lugo a . . . . de . . . . . de 20 . . . .

O profesor/a Asdo. . . . . .

Asdo. . . . . .

A firma deste documento implica a aceptación das bases de préstamo do Banco de Intrumentos da Escola Municipal de Música de Lugo.

Escola de Música Municipal de Lugo -

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ÁDICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar a seguinte ligazón: https://lopd.lugo.gal/lopd.pdf

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

R. 3165

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. dona María Elena Candia López, alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a proposta efectuada polo xefe do Servizo de Persoal, en cuxa parte expositiva se fai constar o seguinte:

ASUNTO: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A 1 PRAZA DE OPERARIO/A DE ZONA RURAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2024).

O Servizo de Persoal do Excmo. Concello de Lugo, emite o seguinte informe proposta con relación á lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha (1) praza de operario/a de zona rural pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2024), tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local adoptou o Acordo núm. 5/11 na sesión que tivo lugar o 15/01/2025 polo que se aprobaron as bases específicas para o acceso en propiedade dunha (1) praza de operario/a zona rural pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre. (OPE 2024). Expte. Tecol: 2024/G004/000836.

- O Decreto núm. 2145/2025, do 05/03/2025, resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de operario/a zona rural pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2024), que se rexerá polas "bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria do 15 de novembro de 2023, e que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas polo Acordo 7/13 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 15 de xaneiro de 2025.

- O dito Decreto publicouse no BOP de Lugo núm. 074, do 31 de marzo de 2025 e un extracto da convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 109, do 10 de xuño de 2025.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria publicouse no “Boletín Oficial do Estado” núm. 5, do 27 de febrero de 2026.

- Con data do 30.03.2026 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 278, do 4 de decembro de 2023 publicaronse as "bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de persoal funcionario e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

(…)

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Con base no informe do Servizo de Persoal e de conformidade coas atribucións que confire o art. 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e visto o disposto no Decreto núm. 4003/2026, do 12 de maio de 2026

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha (1) praza de operario/a de zona rural pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2024), que a continuación se indica:

PERSOAS ADMITIDAS

APELIDOS E NOME	DNI
AGUIAR GUTIERREZ,GINES ALBERTO	***3640**
ARIAS SANCHEZ,DIEGO	***6366**
BURGO LOPEZ,ADRIAN	***5642**
CEDRON SANJURJO,IVAN	***6005**
CEREIJO ESPANTOSO,MARIA ISABEL	***4577**
DE LA SIERRA DOMINGUEZ,ANGEL MAXIMO	***9327**
DEL VALLE ARAGON,MANUEL	***0220**
DIAZ PICO,JAVIER	***1702**
DORADO CORSINO,VICTOR	***4801**
GARCIA FERNANDEZ,ROBERTO	***6660**
GARCIA LOPEZ,IGNACIO	***5522**
GARCIA LOPEZ,IVAN	***5462**
LENCE PEREZ,JESUS ANGEL	***1102**
LOGILDE DIAZ,MARIA JOSEFA	***4329**
OTERO CASTRO,ADRIAN	***5404**
PRADO LORENZO,ALVARO	***5174**
RODRIGUEZ LOSADA,SUSANA MARIA	***0669**
RODRIGUEZ LUACES,JOSE MANUEL	***4608**
RODRIGUEZ LUACES,MARIA CARMEN	***3278**
VALIÑA PENA,MANUEL BARUC	***4042**

PERSOAS EXCLUÍDAS

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA
ARGIZ ARIAS,ALBERTO	***4145**	Causa 2: Solicitude presentada fóra de prazo ou sen asinar ou non achega o modelo de solicitude
DIAZ GARCIA,EUGENIO	***4515**	Causa 1: Non achega o DNI ou non é valido
GONZALEZ GONZALEZ,JOSE PEGERTO	***2260**	Causa 3: Non achega o xustificante de ter aboada a taxa

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA
LOPEZ FERNANDEZ,PABLO	***3657**	Causa 2: Solicitude presentada fóra de prazo ou sen asinar ou non achega o modelo de solicitude
LOPEZ LOPEZ,EMILIO	***2084**	Causa 2: Solicitude presentada fóra de prazo ou sen asinar ou non achega o modelo de solicitude
RODRIGUEZ CELEIRO,MIGUEL ALFONSO	***4373**	Causas 1 e 3: Non achega o DNI ou non é valido e non achega o xustificante de ter aboada a taxa

Causas de exclusión:

Causa 1: Non achega o DNI ou non é valido

Causa 2: Solicitude presentada fóra de prazo ou sen asinar ou non achega o modelo de solicitude

Causa 3: Non achega o xustificante de ter aboada a taxa

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

RECURSOS:

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso postestativo de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía ou un recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos desde o día seguinte ao da súa notificación.

Todo isto de conformidade co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015), e co artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14.07.1998), sen prexuízo do seu dereito a interpoñer calquera outro recurso legal que considere oportuno.

Cúmprase.

Lugo, 13 de novembro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excma. María Elena Candia López.

R. 3186

PANTÓN

Anuncio

Na sesión celebrada o 12.11.2026, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o padrón fiscal do prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de outubro de 2026.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributo ao cobro: Prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de outubro de 2026.
- Prazo de ingreso en período voluntario: 20.11.26 ao 20.01.27, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 23.11.26.

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciarase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 13 de novembro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3166

Anuncio

Na sesión celebrada o 12.11.26, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de entrada de vehículos a través de beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase correspondente á anualidade 2026.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributo ao cobro: Taxa pública pola prestación do servizo de entrada de vehículos a través de beirarrúas e a reserva de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase correspondente á anualidade 2026.
- Prazo de ingreso en período voluntario: 15.12.26 ao 15.02.27, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 18.12.26.
- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciarase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 13 de novembro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3167

A RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 2026/000, de data 18 de novembro de 2026, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un/unha limpador/a de edificios municipais, como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comezando a

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

A Ribeira de Piquín, 18 de novembro de 2026.- o alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 3185

TABOADA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE DECLARACIÓN COMO PARCELA SOBRANTE NON UTILIZABLE. EXPEDIENTE: 643/2026

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de novembro de 2026, acordou a aprobación definitiva da declaración como parcela sobrante non utilizable do terreo descrito nos antecedentes: Parcela 20 do Polígono 61 do Concello de Taboada, con Referencia Catastral 27060A06100020000JS, que se da publicade para común coñecementos aos oportunos efectos.

Taboada, 16 de novembro de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 3168

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación da "*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES".*

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de setembro de 2026, acordou a aprobación inicial da **modificación da "*Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles"*** acordo que se expuxo ao público mediante edicto no taboleiro de anuncios e no BOP nº 22 do 28 de setembro de 2026, polo prazo de trinta días hábiles, sen que se producira ningunha reclamación.

Estando, polo tanto, aprobada definitivamente a modificación da ***Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles"*** publícase o artigo a modificar no BOP en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O artigo 2 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles aprobada en sesión plenaria do 26 de febreiro de 2003 e publicada a aprobación definitiva no BOP do 2 de febreiro de 2003 (nº76), e modificada por acordo do Pleno da Corporación do 27 de decembro de 2017 e publicada a aprobación definitiva no BOP de Lugo o 23 de febreiro de 2018 (nº 44), e modificada por acordo do Pleno da Corporación do 7 de novembro de 2023 e publicada a aprobación definitiva no BOP de Lugo o 30 de decembro de 2023, nº 298 nos seguintes termos:

Artigo 2. Tipo de gravame.

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,60 por 100.

2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,4 por 100.

3.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,30 por 100.

Taboada, 16 de novembro de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 3169

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO. Exp. 808/2026

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 11.11.2026 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 16.11.2026 aprobou as **BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO- OPOSICIÓN DE 4 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRAS PARA O CONCELLO DE TABOADA XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN 6 MESES E CREACIÓN DA BOLSA DE REVERSA COS MESMOS PERIODOS DE VIXENCIA.**

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)

- Duración: 6 meses.
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será incluído o rateo das pagas extra. de 1.424,50 €.
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- na Sede Electrónica da Corporación (https://taboada.sedelectronica.gal).
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 16 de novembro de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 3170

Anuncio publicado en: Num BOP 268 año 2026 (21/11/2026 08:00:00)